



# UUU-UUU, BEGOÑA!

(TEATRO PARA A INFANCIA CON LANZAMENTO,  
TRES LANCES E UN DESENLANCE)

Texto de An Alfaya

Ilustracións de Laura Romero



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



Deputación  
DA CORUÑA



PRIMAVERA  
DAS LETRAS 2026



Esta peza breve desenvólvese entre o **Bosque do Aquén** e o **Bosque do Alén**.

Escoitarás os rechouchíos da **Curuxa Maruxa** e do **Moucho Moncho**.

Descubrirás a cantareira **Uxía**, boa amiga de **BEGOÑA CAAMAÑO**, a protagonista das Día das Letras Galegas deste ano 2026. Arredor dela bulirá a **Rapazada**, e a curiosidade dunha **Nena** e dun **Neno** fará que se abra unha porta máxica no arboredo onde atoparás a **Morgana, Circe, Merlín**, e a propia **BEGOÑA**.

Haberá tres eguas: **Aventura, Odisea** e **Esmelle**, e tamén un cofre e un legado.

E ata aquí podo contar... Se queres saber o que acontece na peza debes inmiscirte na súa lectura; só así poderás cantar, recitar e xogar entre as árbores a carón dos personaxes. Gustaríache ser un deles?



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

# LANZAMENTO



(Bosque do Alén. Curuxa Maruxa e Moucho Moncho, branca ela, negro el, vixían dende dúas pólas do arboredo).

**MARUXA:** Uuu! (Misteriosa) Imos contarvos unha historia que non sabe ninguén.

**MONCHO:** Uuu! (Enigmático) Neste bosque encantado nada é verdade nin mentira, mais todo pode suceder, mellor de noite ca de día.

**MARUXA:** A véspera do dezasete de maio, Día das Letras Galegas, ábrese unha porta máxica entre as árbores que separan o Bosque do Aquén do Bosque do Alén.

**MONCHO:** Isto vén sucedendo dende o ano 1963, cando se louvou a poeta Rosalía de Castro, benquerida por Begoña Caamaño, homenaxeada neste ano 2026.

**MARUXA:** Mais a porta só se abre cando a elixida é unha muller. Gardade o segredo!

**MARUXA/MONCHO:** Chissssssss!



**MONCHO:** E como no Bosque do Aquén poucas veces sucede tal cousa, imos recordar as escollidas!  
(Nomean as galegas festexadas voando de póla en póla)

**MARUXA:** Uuu! Corría o ano 1987 cando lle tocou en sorte a Francisca Herrera Garrido.

**MONCHO:** Uuu! Pasaron vinte anos e María Mariño foi elixida.

**MARUXA:** Uuu! Logo, no 2018, resultou preferida María Victoria Moreno.

**MONCHO:** Uuu! Menos tempo transcorreu para que no 2021 se gabase a Xela Arias.

**MARUXA:** Uuu! Tres anos despois chegou Luísa Villalta entre violinos.

**MONCHO:** Uuu! E no 2025, as cantareiras trouxeron a festa rachada coa palabra cantada. (Recita)

Uuu!, cantade cantareiras  
polos montes e ribeiras.  
Uuu!, cantade cantareiras  
polas fragas e pradeiras.  
Uuu!, cantade cantareiras  
sempre alegres, bulideiras.



**MARUXA:** Xa chega un novo ano e con el outra homenaxe!

**MONCHO:** Abriremos a porta máxica e atoparemonos coa feiticeira Circe e con fada Morgana, que xunto co mago Merlín invocarán a Begoña Caamaño, unha xornalista e escritora singular e vital.

**MARUXA:** Coma ela non houbo nin haberá outra igual!

**MARUXA/MONCHO:** Uuu-uuu!



*Uuu-uuu, BEGOÑA!* (Teatro para a infancia cun LANZAMENTO, tres LANCES e un DESENLANCE) é unha peza teatral de homenaxe a Begoña Caamaño Rascado, protagonista do Día das Letras Galegas 2026, escrita por An Alfaya e ilustrada por Laura Romero.

A Academia celebra que esta obra sexa lida e representada nas casas dos nenos e nenas e nas escolas de todo o país e da Galicia exterior. Anima tamén as agrupacións de teatro amador e calquera outro colectivo sen ánimo de lucro a levala á escena e agradece recibir información sobre as funcións que organicen.

Para calquera outro uso profesional e / ou con ánimo de lucro deste contido, é preciso solicitar o permiso das autoras e da RAG.

*Uuu-uuu, BEGOÑA!* forma parte de Primavera das Letras, o proxecto para o público infantil da Real Academia Galega. Pode descargarse en [primaveradasletras.gal](http://primaveradasletras.gal), espazo onde a institución ofrece ademais actividades e outros contidos sobre Begoña Caamaño, así como recursos sobre a lingua e a cultura galegas para a rapazada.

